



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE 5 PRAZAS DE INTERCAMBIO PARA ESTUDANTADO DE ENXEÑARÍAS EN INSTITUCIÓN DE ENSINO SUPERIOR PARTICIPANTES NA REDE *GLOBAL EDUCATION: EXCHANGE FOR ENGINEERS AND ENTREPRENEURS (GE4)* PARA O CURSO 2026-27

A Universidade de Vigo é unha institución membro da *Global Education: Exchanges for Engineers and Entrepreneurs* (en adiante GE4), unha rede de universidades que ten como obxectivo promover os intercambios de excelencia de estudantes e docentes no ámbito da enxeñaría..

No marco desta rede efectúanse intercambios de estudantes coas distintas universidades que forman parte da mesma. Nesta convocatoria ofértanse 5 prazas para o curso 2026-2027, 3 para o primeiro cuadrimestre e 2 para o segundo cuadrimestre.

Esta convocatoria ten como finalidade a asignación de prazas de mobilidade internacional, sen incluír directamente a concesión de bolsas económicas. Ademais, no caso de que algunha das posibles entidades financiadoras (Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Banco de Santander) esixa unha convocatoria específica para a concesión das súas axudas, esta será publicada posteriormente e estará dirixida exclusivamente ao estudantado que obteña praza nesta convocatoria. Se non se require esa convocatoria específica, o feito de presentar a solicitude nesta convocatoria dá dereito automático ao estudantado a participar no proceso de adxudicación das axudas económicas que poidan convocarse, sen necesidade de realizar unha nova solicitude. As contías das bolsas, se as houbera, serán establecidas mediante resolucións reitorais individuais segundo o tipo de financiamento concedido.

En virtude deste convenio de colaboración co GE4, do [Regulamento de mobilidade internacional](#), e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, e en virtude das facultades que lle outorga a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, un total de **5 prazas** de mobilidade internacional para o curso académico 2026–2027, no marco da rede de universidades GE4.
 - **3 prazas** estarán dispoñibles para realizar estadías no **primeiro cuadrimestre**.
 - **2 prazas** estarán dispoñibles para realizar estadías no **segundo cuadrimestre**.As prazas concedidas para o primeiro cuadrimestre poderán ser prorrogadas ata completar o curso académico, sempre que haxa dispoñibilidade nas universidades de destino, sen que isto implique unha asignación económica adicional.
1. Ordenar a publicación desta convocatoria e das bases que a regulan ([anexo I](#)), información sobre as posibles axudas económicas ([anexo II](#)) e formulario de solicitude GE ([anexo III](#)) no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xullo). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO
PARA O CURSO 2026-2027 NO MARCO DA REDE GE4

1. OBXECTO

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado nas escolas de enxeñaría a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades membros da [rede GE4](#) durante o curso académico 2026-2027.

2. REQUISITOS

2.1. Requisitos xerais das persoas participantes

- Estar matriculado/a no curso académico 2025-2026 nalgunha das titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitarios que se ofertan nas escolas de enxeñaría da Universidade de Vigo. No caso de estudos de mestrado universitario oficiais, deberán ser titulacións de máis de 60 créditos.
- O estudiantado de grao deberá ter superado un mínimo de 48 créditos.
- O estudiantado **deberá estar matriculado** durante o seu período de intercambio na Universidade de Vigo no curso académico 2026-2027 **nos estudos oficiais para os que presentou a solicitude**.
- Non ter renunciado, sen motivo xustificado, a unha praza de mobilidade internacional no curso anterior.
- Non ter gozado dunha bolsa GE4 con anterioridade.
- Atendendo ao [Regulamento de mobilidade internacional](#) da Universidade de Vigo, recoméndase a inclusión de 30 créditos ECTS por cuatrimestre e 60 créditos ECTS por estadia anual no contrato de estudos. Os créditos cursados a maiores dos esixidos aparecerán igualmente no Suplemento Europeo ao Título (SET). En todo caso, **o número de créditos que se incluírá no acordo de estudos será dun mínimo de 36 créditos ECTS para mobilidades anuais e de 18 créditos ECTS para mobilidades cuatrimestrais**. Poderanse incluír menos créditos:
 - Se a normativa da universidade de destino impide una matrícula de mais créditos ECTS.
 - Se a normativa do centro da Universidade de Vigo o permite.
 - Se a persoa solicitante ten unha discapacidade recoñecida de máis do 65%.
 - Se a persoa solicitante ten necesidades de apoio educativo e está adscrita ao programa PIUNE, previo informe favorable da Comisión Técnica de Atención á Diversidade (COATEN).
- O estudiantado matriculado en PCEO rexerase pola normativa do centro responsable dos programas de intercambio da titulación.

2.2. Requisitos lingüísticos

Será responsabilidade do estudiantado comprobar e cumprir cos requisitos lingüísticos da universidade de destino.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

3.1. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:





ATHENA



- Acceder ao [Portal de mobilidades saíntes](#) e identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual da Universidade de Vigo.
- Unha vez dentro do Portal, cumprimentar no apartado «procedementos abertos» o formulario correspondente á **Solicitud de praza GE4 2026-27** e achegar a documentación requirida.

Só se poderá presentar unha solicitude por estudante, polo que non deberán premer o botón de enviar a solicitude ata asegurarse de que os datos incluídos son correctos.

3.2. Documentación

No apartado “Documentos requiridos” do formulario de solicitude, achegarse a seguinte documentación **nun único PDF**:

- [Formulario GE4- Exchange students application form](#)
- Copia de pasaporte ou DNI.**
- Escrito en inglés** no que se indique a **motivación** para participar no programa e se mencionen as áreas específicas de estudo ou investigación nas que teña interese (máximo 1 páxina).
- Certificacións oficiais de coñecemento de idiomas estranxeiros** esixidos na normativa do centro de orixe e/ou pola universidade de destino.
O estudantado deberá acreditar o coñecemento do idioma esixido mediante a presentación dunha das seguintes certificacións:
-Certificacións oficiais recoñecidas pola [Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior](#) (ACLES) e as das Mesas Lingüísticas da CRUE na súa última actualización (<https://proyectos.crue.org/acreditacion/>).
Non se aceptarán certificados de lingua castelá ou galega.
- Certificación académica oficial en inglés**, que deberá solicitarse na área de grao do centro do/a estudante, indicando que é para a solicitude dunha praza no marco desta convocatoria.
- Carta de recomendación en inglés** asinada por un/ha docente da Universidade de Vigo.

Poderá requirirse ás persoas solicitantes a documentación orixinal que se precise para a correcta avaliación dos requisitos e méritos alegados.

3.3. Prazo de presentación de solicitudes

Establécense **dous prazos** de presentación de solicitudes:

- **1º prazo de presentación de solicitudes:** estará aberto desde o día seguinte á publicación desta convocatoria **ata ás 23:59 (hora peninsular española) do 9 de decembro de 2025**. As mobilidades que se soliciten neste período realizaranse no primeiro cuadrimestre do curso 2026-2027.
- **2º prazo de presentación de solicitudes:** estará aberto do **1 de xuño de 2026 ata ás 23:59 (hora peninsular española) do 30 de xuño de 2026**. As mobilidades que se soliciten neste período realizaranse no segundo cuadrimestre do curso 2026-2027.

4. FASES DE SELECCIÓN DO ESTUDANTADO BENEFICIARIO

4.1. Publicación das listaxes provisionais de solicitudes admitidas

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase resolución coa **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, sinalando os motivos de exclusión.





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (en adiante ORI).

4.2. Publicación das listaxe definitivas de solicitudes admitidas

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución coas **listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite e excluídas**.

4.3. Publicación das listaxes provisorias de solicitudes seleccionadas

A selección das persoas candidatas será realizada pola comisión de selección, aplicando os seguintes criterios:

1. **Nota media do expediente académico**, ponderada pola media da titulación: ata **6 puntos**.
 - Para o **1º prazo de solicitudes**, terase en conta o expediente académico a **30 de setembro de 2025**.
 - Para o **2º prazo**, considerarase o expediente a **28 de febreiro de 2026**.
 - No caso de estudantes de **mestrado**, calcularase:
 - A nota media ponderada do **primeiro ciclo de estudos** (50%).
 - A nota media ponderada dos **créditos superados no mestrado** (50%). Para estudantes de **1º curso de mestrado** que aínda non teñan todas as cualificacións do primeiro cuatrimestre, valorarase só a nota media ponderada do primeiro ciclo (100%).
2. **Nivel acreditado de inglés superior ao B1**: ata **2 puntos**.
 - B2: 1 punto
 - C1: 1,5 puntos
 - C2: 2 puntos
3. **Coñecemento doutros idiomas relacionados co destino solicitado**: ata **2 puntos**.
 - B1: 1 punto
 - B2: 1,5 puntos
 - C1: 2 puntos

O estudiantado que solicite destinos onde o **español sexa a lingua de estudo** poderá presentar un certificado de inglés, que será valorado no proceso de selección. **Non se terán en conta certificados de español ou galego** para este efecto.

A comisión de selección estará composta por:

- **Presidenta**: Cristina Trillo Yáñez, responsable de Relacións Internacionais da Escola de Enxeñaría Industrial
- **Secretaria**: Amelia Rodríguez Piña, directora técnica da ORI
- **Vogal**: Ana María Pérez López, xefa de área da ORI

Unha vez realizada a selección, publicarase unha **resolución** coa listaxe provisorias de persoas seleccionadas e a **lista de agarda**. Abrirase un prazo de **10 días hábiles** para presentar reclamacións, contado desde o día seguinte á publicación.

As reclamacións deberán presentarse a través da **sede electrónica da Universidade de Vigo** (<https://sede.uvigo.gal>) mediante **instancia xenérica (SXER)** dirixida á ORI.





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

4.4 Publicación das listaxes definitivas de solicitudes seleccionadas

Unha vez revisadas as alegacións presentadas durante o prazo establecido, a comisión de avaliación procederá á selección definitiva das solicitudes.

A ORI elevará a proposta de resolución definitiva —incluíndo tanto as persoas seleccionadas como, se procede, a lista de agarda— á Vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación oficial.

As persoas solicitantes deberán ter en conta que, de non emitirse resolución expresa no prazo de cinco meses desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes, poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

IMPORTANTE: A Universidade de Vigo enviará a documentación das persoas seleccionadas á oficina central do programa GE4, que será a encargada de trasladala ás universidades de destino para a súa valoración e aceptación.

A institución de acollida comunicará ao GE4 e á Universidade de Vigo se acepta ou non a candidatura.

A praza só se considerará confirmada cando a Universidade de Vigo reciba por escrito a aceptación oficial por parte da universidade de destino e do GE4.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico do dominio @uvigo.gal sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

5. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán **ACEPTAR** a concesión da praza no [Portal de mobilidades saíntes](#) no prazo de **10 días hábiles** tras recibir a comunicación da adxudicación da praza a través da aplicación MoveON. A ORI enviará esta comunicación de adxudicación tras recibir a confirmación da aceptación do estudantado por parte da universidade de destino.

De non realizar esta aceptación dentro do prazo establecido, entenderase que **renuncian á praza concedida**.

O estudantado que se atope en **lista de agarda** e sexa seleccionado con posterioridade deberá aceptar a praza **nos 10 días hábiles seguintes á comunicación**, mediante o mesmo procedemento.

Toda **renuncia a unha praza previamente aceptada** deberá ser comunicada por escrito á ORI, enviando un correo electrónico ao enderezo: outgoing.ori@uvigo.gal. A renuncia deberá estar **debidamente xustificada**.

O estudantado que **renuncie fóra de prazo e ou sen xustificación válida** será penalizado coa imposibilidade de participar en vindeiras convocatorias de mobilidade da ORI.

Así mesmo, **non presentar a documentación requirida antes do inicio da estadía** será considerado como unha **renuncia non xustificada**, e implicará a mesma penalización.

6. OBRIGAS DO ESTUDANTADO

6.1. Comprobar os requisitos específicos da universidade de destino, incluídos os requisitos lingüísticos que poidan requirirse para estudantado de mobilidade entrante e comprobar que a súa oferta académica se adecúa ao plano de estudos da Universidade de Vigo.

6.2. Unha vez seleccionado/a, enviar ás universidades de destino os formularios de candidatura (*application form*) e toda a documentación requirida no prazo estipulado por estas institucións. **A adxudicación da praza de mobilidade por parte da Universidade de Vigo non implica que a persoa seleccionada sexa aceptada automaticamente na institución de destino.**

6.3. Matricularse na Universidade de Vigo durante o curso 2026-2027. **Non se pagará matrícula na universidade de destino.** Non obstante, algunha das universidades de destino poderá esixir ao alumnado algún tipo de taxa en concepto de organización de actividades, material, etc.





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- 6.4. Tramitar o seu visado, e aboar os gastos se é necesario, e asegurarse das condicións deste, sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.
- 6.5. Manter o contacto e estar localizable tanto polo persoal da ORI como pola persoa responsable de relacións do seu centro e/ou titor/a, que poderán contactar co estudante en calquera momento da súa estadía.
- 6.6. Respetar tanto as normas da institución de destino, como da residencia universitaria ou lugar de aloxamento elixido.

6.7. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

- Antes de iniciar a estadía:

Mediante a plataforma MoveON, no [Portal de mobilidades saíntes](#), a través do Formulario de Seguimento habilitado:

- Copia da **tarxeta sanitaria europea** se o destino é un país europeo.
- Copia dun **certificado de cobertura dun seguro de asistencia en viaxes** que o estudantado deberá contratar e que cubra o período completo de estadía, incluída a realización de exames e días de viaxe. Deberá incluír gastos médicos por enfermidade, accidente e hospitalización, responsabilidade civil e repatriación. No caso de ampliar o período da estadía deberá comunicalo á aseguradora para ampliar a cobertura do seguro e achegar o comprobante desta ampliación na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes.
- Copia do **comprobante de ter pagado o seguro** de asistencia en viaxe.

O estudantado deberá enviar esta documentación:

- **Antes do 30 de xuño de 2026**, para estadías que comececen no primeiro cuadrimestre.
- **Antes do 30 de novembro de 2026**, para estadías que comececen no segundo cuadrimestre.

- **Contrato de estudos (Learning Agreement):** O contrato de estudos deberá ser elaborado polo estudantado e validado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro da Universidade de Vigo e pola institución de destino **antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2026-2027**.

As **modificacións** que sexan necesarias deberán realizarse **dentro do primeiro mes do cuadrimestre** na universidade de destino.

No caso de que estas modificacións afecten á matrícula xa formalizada na Universidade de Vigo para o curso 2026-2027, o estudantado deberá **comunicalas á secretaría do seu centro** unha vez que a modificación do contrato de estudos sexa aprobada polas tres partes.

A xestión dos contratos de estudos, unha vez creados, **non é competencia do persoal da ORI**, polo que calquera trámite relacionado deberá ser canalizado a través das persoas responsables de relacións internacionais dos centros.

- Tras o inicio da estadía:

- O estudantado deberá presentar no [Portal de mobilidades saíntes](#) de MoveON, a través do Formulario de Seguimento habilitado o **certificado de chegada (Arrival Certificate)**, cuberto e asinado pola institución de destino. O modelo estará publicado na páxina desta convocatoria no [Portal de bolsas](#).

▪ **Ampliación da estadía:**

O estudantado que teña concedida unha mobilidade para o primeiro cuadrimestre poderá solicitar a ampliación da estadía a curso completo unha vez iniciada a mobilidade, **con data límite de solicitude o 15 de decembro de 2026**. Para formalizar esta solicitude, a persoa responsable de





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

relacións internacionais do seu centro na Universidade de Vigo deberá comunicar á ORI autorización de prórroga, de acordo coa solicitude do estudantado e a autorización da universidade de destino. A ORI facilitará ao estudantado o formulario específico para a ampliación.

Unha vez concedida a ampliación, o/a estudante deberá xestionar os cambios no contrato de estudos coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro de orixe e comunicar os cambios á [secretaría de estudantado](#) correspondente.

Adicionalmente, o estudantado deberá tramitar coa aseguradora a ampliación do período de cobertura e achegar o comprobante actualizado desta ampliación a través da plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes.

- **Ao finalizar a estadía:**

- **Certificado de fin de estadía:** deberá presentar na ORI o documento orixinal, asinado e selado pola universidade de destino, sen emendas nin borróns. Admitirase o envío por correo electrónico se se recibe directamente da universidade de destino. Este certificado será o que acredite a realización efectiva da estadía e a súa duración. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
- **Certificación académica orixinal (*Transcript of Records-ToR*)** expedida pola universidade de destino: a persoa beneficiaria deberá solicitar na universidade de destino a certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada e presentarlle á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo. No caso de non obtela antes do regreso á Universidade de Vigo, deberá solicitar que a universidade de destino envíe a certificación directamente á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo. **É responsabilidade do estudantado conseguir esa certificación.**

7. SINATURA DE DOCUMENTOS

O estudantado deberá dispoñer dun lector de DNI electrónico ou do certificado dixital de persoa física emitido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre (FNMT) para asinar dixitalmente os documentos ou cumprimentar aqueles trámites que así o requiran. Recoméndase consultar o [manual](#) para a obtención do certificado de persoa física. **En toda a documentación relacionada coa estadía, non se poden mesturar sinaturas dixitais con sinaturas manuscritas.**

8. USO DO CORREO INSTITUCIONAL E CONTACTO COA ORI

O estudantado deberá utilizar sempre o correo do dominio @uvigo.gal para dirixirse á ORI e seguir as normas de uso de correo electrónico que se publicarán xunto a esta convocatoria no Portal de bolsas. O estudantado deberá dirixirse sempre ao enderezo electrónico outgoing.ori@uvigo.gal para todos os temas relacionados con esta convocatoria e a súa estadía.

9. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das





ATHENA



obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#).

11. NOME DOS ARQUIVOS PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

A continuación indícase a nomenclatura que se debe utilizar para presentar a documentación requirida.

Documentación para entregar coa solicitude:

Certificado de idiomas	cid-apellido1-apellido2-nome/s-(indicar idioma)
Solicitud GE4	sol- apellido1-apellido2-nome/s

Documentación para entregar unHa vez seleccionado:

Seguro de asistencia en viaxe	seg- apellido1-apellido2-nome/s
Xustificante de pago do seguro	xustseg- apellido1-apellido2-nome/s
Renuncia	re- apellido1-apellido2-nome/s

Documentación para entregar durante a estadía:

Documento de chegada a destino	dll- apellido1-apellido2-nome/s
Documento de ampliación da estadía	amp- apellido1-apellido2-nome/s

Documentación para entregar ao final da estadía:

Certificado de fin de estadía	cefin- apellido1-apellido2-nome/s
-------------------------------	-----------------------------------

